



Guía Docente				
Datos Identificativos			2012/13	
Asignatura (*)	Dereito, Bioética e Terapia Ocupacional		Código	653G01105
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público Especial			
Coordinación	Sanchez Camara, Ignacio		Correo electrónico	i.scamara@udc.es
Profesorado	Sanchez Camara, Ignacio		Correo electrónico	i.scamara@udc.es
Web				
Descrición xeral	Esta asignatura pretende el desarrollo de competencias que permitan al alumnado comprender y aplicar los conocimientos relacionados con la Bioética, el Derecho y la Terapia Ocupacional.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Adquisición do coñecemento do significado ético e xurídico do exercicio profesional da Terapia ocupacional	A2	B6	C4
	A8	B10	C7
	A11	B17	C8
	A15		
	A16		
	A18		
	A19		
	A20		
	A23		
	A24		
	A25		
A35			
Comprensión e utilización dos principais conceptos éticos, deontolóxicos e xurídicos manexados pola Terapia ocupacional	A8	B6	C7
	A11	B10	
	A15	B17	
	A16		
	A18		
	A19		
	A20		
	A23		
	A25		



Adquisición de habilidades para identificar y avaliar os problemas éticos presentes na práctica asistencial dos terapeutas ocupacionais	A2 A8 A11 A15 A16 A19 A20 A23 A35	B6 B10 B17	
Adquisición de habilidades para a xestión dos feitos, os valores e os dereitos nos procesos de toma de decisións no exercicio profesional	A2 A8 A15 A16 A18 A19 A20 A23 A24 A25 A35	B3 B4 B5 B6 B9 B10 B17 B28 B29	C4 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. O Dereito	As razóns do Dereito: ¿qué, por qué e para qué o Dereito? O Dereito coma práctica social: normatividade, coactividade e carácter institucional. O ámbito do Dereito: Dereito e outros ordes normativos. A estrutura do Dereito: principios constitucionais básicos e dereitos fundamentais. Os elementos do Dereito: suxeitos, fontes e materiais. Os tipos de normas. A obediencia ao Dereito. Creación, interpretación, aplicación e argumentación xurídicas.
Tema 2. A Bioética	Historia. Concepto. Bioética clínica e Bioética ecolóxica. Fundamentación. Metodoloxía. Bioética e razoamento práctico.
Tema 3. A relación asistencial	Historia. Concepto. A relación asistencial como relación sociosanitaria. Modelos. Do paternalismo e a beneficencia á autonomía e os dereitos. Unha proposta.
Tema 4. O proceso de toma de decisións (I)	Bioética e razoamento práctico (remisión ao tema 1). Información e comunicación. O consentemento informado. A planificación anticipada da atención e as instrucións previas. As decisións de representación. Minoría de idade. Incapacidade.
Tema 5. O proceso de toma de decisións (II)	Información e documentación clínica. Intimidade, confidencialidade e segredo profesional. Os datos de saúde. A historia clínica e o expediente.
Tema 6. O proceso de toma de decisións (III)	Os comités de ética. Ámbito sanitario e ámbito sociosanitario. Comités de ética asistencial. Comités de ética da investigación. Comités internacionais, nacionais e autonómicos. O Comité de Bioética de España.
Tema 7. O proceso de toma de decisións (IV)	Xustiza e recursos sociosanitarios (remisión ao tema 4). Criterios de distribución dos recursos sociosanitarios: idade, enfermidade, discapacidade, dependencia.



Tema 8. As profesións asistenciais	A Terapia ocupacional coma profesión. A deontoloxía profesional. Bioética, Deontoloxía e Dereito (remisión ao tema 2). A responsabilidade: ética, deontolóxica e xurídica. A confianza. As relacións entre profesionais. Os deberes dos profesionais asistenciais. Os dereitos dos profesionais asistenciais. Algunhas cuestións específicas: o intrusismo profesional. A obxección de conciencia. A síndrome de esgotamento profesional (burn-out). As baixas laborais. A seguridade clínica.
Tema 9. O ciclo vital	1) Decisións ao comezo da vida. 2) Decisións ao medio da vida. 3) Decisións ao final da vida.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	20	10	30
Eventos científicos e/ou divulgativos	3	4	7
Estudo de casos	6	24	30
Proba de ensaio	2	6	8
Traballos tutelados	0	35	35
Análise de fontes documentais	15	15	30
Atención personalizada	10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A exposición oral será complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Eventos científicos e/ou divulgativos	O obxectivo do cinefórum é o emprego de ferramentas non convencionais ou distintas para a aprendizaxe. Está prevista proxección dunha película, seguida dun debate entre os asistentes. (Con anterioridade entregaranse materiais para preparar o seminario, e con posterioridade os estudantes deberán preparar un comentario da mesma).
Estudo de casos	<p>Os casos teñen coma obxectivo estimular a reflexión e afacerse ao manexo dos principios, valores e dereitos presentes na práctica clínica. Diríxense principalmente ao desenvolvemento das habilidades argumentativas e a posta en funcionamento dos coñecementos adquiridos nas sesións teóricas e na aprendizaxe individual e colectiva.</p> <p>Así mesmo, os estudantes traballarán en pequenos grupos a modo de comité de ética asistencial, adicado á análise e á deliberación de casos clínicos. Neste caso, os traballos parciais consistirán na elaboración da acta do Comité de ética asistencial, exponiendo o proceso de argumentación e a solución acadada.</p> <p>Os temas que serán obxecto de tratamento específico, a través de casos prácticos, son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Modelos de relación asistencial. - Os procesos de toma de decisións en pacientes incapaces. - A confidencialidade e o segredo profesional. - Problemas éticos no ciclo da vida.



Proba de ensaio	O exame constará de 10 preguntas que se corresponderán cos contidos do programa. A duración do exame será de 2 horas.
Traballos tutelados	O obxectivo desta actividade é fomentar a aprendizaxe autónoma por parte do estudante, fóra do ámbito das aulas. A lectura, análise crítica e comentario de publicacións científicas, normas deontolóxicas ou xurídicas, ou documentos relacionados coa bioética e a deontoloxía profesional son o principal material de traballo. Os traballos parciais poderán consistir na presentación dunha acta dun Comité de ética asistencial que analiza e resolve dous casos clínicos. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Análise de fontes documentais	Para o adecuado desenvolvemento desta materia é preciso o manexo de documentos deontolóxicos e xurídicos que serán facilitados aos alumnos co fin de que se familiaricen coa súa lectura. Os devanditos documentos proporcionan ademais unha guía imprescindible á hora de atopar solucións aos distintos casos que serán estudados.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada farase, globalmente, mediante tutorías personalizadas directas e virtuais, individuais e grupales.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Eventos científicos e/ou divulgativos	Comentario del seminario-Cineforum	10
Traballos tutelados	Terase en conta a capacidade de análise e de síntese, así como o grao de aplicación da teoría á práctica. A unidade, a coherencia e a reflexión persoal serán os elementos a considerar de face a distinguir os mellores traballos.	10
Proba de ensaio	No exame valorarase o nivel de coñecemento dos contidos do programa. O profesor indicará os materiais necesarios para contestar ás preguntas.	50
Estudo de casos	Avaliaranse as actas dos comités; tanto en canto á forma (claridade, concisión, ilación, propiedade), como en canto ao contido (capacidade de discernimento, oportunidade da resposta, adecuación das fontes manexadas).	30

Observacións avaliación

--

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

--



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías